



Delegación de Medios - Diocese de Lugo

nosavoz

Boletín Electrónico de Información Diocesana

Ano 5 – nº 263



Porta da Misericordia que se abrirá solemnemente o día 13

O laico consagrado membro dun Instituto Secular debe ser fermento de transformación da sociedade e testemuña especial da presenza da Igrexa como continuadora da acción salvífica de Xesucristo.

CONTIDOS

Apertura da Porta da Misericordia

[Exposición “Carismas da vida relixiosa en Lugo”](#)

[Exercicios espirituais para sacerdotes](#)

[Actos da Confraría Nosa Señora do Pedregal](#)

[Preparando o Nadal cos nenos na Parroquia San Antonio, Lugo](#)

[Campaña de Nadal na Parroquia A Milagrosa](#)

[Galardón a Xesús Mato](#)

[Encontro de Nadal do profesorado de relixión](#)

[Celebración da Sagrada Familia](#)

[Concertos solidarios](#)

[Eucaristía de las familias del Colegio María Auxiliadora](#)

[Libros de interese](#)

Apertura da Porta da Misericordia

A celebración será o día 13 de decembro e articúlase en cinco momentos:

1. A *statio*. Na igrexa dos Padres Franciscanos (Lugo) ten lugar ás 18:30h o saúdo e a monición inicial, a proclamación do Evanxeo e a lectura da parte inicial da Bula de convocación *Misericordiae Vultus*.
2. A procesión, na que se dá gran relevancia ao libro dos Evanxeos: levado polo diácono, é signo de Cristo que camiña diante do seu pobo.
3. A apertura da Porta da Misericordia. A entrada na Catedral ten lugar a través da porta que na fachada principal dá acceso á capela de San Froilán. O Bispo detense e con el toda a procesión; a parada implica, ademais, a apertura da porta

e a ostensión solemne do libro dos Evanxeos, palabra de misericordia, primeiro cara ao exterior, logo cara ao interior da Catedral e o canto da antífona «Eu son a porta». O Bispo, levando o libro dos Evanxeos, cos concelebrantes e os ministros diríxese procesionalmente cara ao altar maior.

4. memoria do Bautismo

5. celebración da Eucaristía

Exposición “Carismas da vida relixiosa en Lugo”



O mércores 9 de decembro ás 19h inaugurouse no Seminario diocesano a exposición “Carismas da vida relixiosa en Lugo”. No acto interviron o Delegado diocesano para a Vida Consagrada, Marcos Torres (que fixo a bendición da mostra) e a Coral Amigos do Camiño de Santiago (que deleitou aos asistentes con varias pezas musicais).

A exposición “Carismas da vida relixiosa en Lugo” pode ser visitada os días 10, 11, 14 e 15 de decembro, co seguinte horario: polas mañás de 10 a 13h e polas tardes de 18 a 19h. Para o alumnado de Ensinanza Secundaria é posible facer a visita en horario escolar, previa petición de hora.

O mércores 16 ás 19h haberá no Seminario unha Eucaristía de acción de grazas presidida polo Bispo, Mons. Alfonso Carrasco Rouco.

Exercicios espirituais para sacerdotes

A primeira tanda de exercicios espirituais para sacerdotes durante este curso 2015/2016 terá lugar neste mes de decembro de 2015, do día 13 (pola noite) ao 18 (a mediodía). Están dirixidos por D. Jesús Fernández González, bispo auxiliar da Arquidiocese de Santiago de Compostela.

Actos da Confraría Nosa Señora do Pedregal

Os membros da Confraría Nosa Señora do Pedregal (Meira) continúan o día 13 co taller de manualidades iniciado o domingo anterior. Confeccionan un boneco solidario que se poderá comprar o domingo 20 de decembro (feira) no posto da confraría. Coa súa compra, a un prezo asequible, axúdase a xente necesitada.



Preparando o Nadal cos nenos na Parroquia San Antonio, Lugo

O venres 11 de decembro, na parroquia de San Antonio de Padua de 17 a 19 horas o grupo Scout *Tesela* e o equipo de catequistas organizan unha actividade estruturada en diversos puntos distribuídos polas instalacións parroquiais, cada un enfocado a unha tecnoloxía ou propósito diferente. Así os asistentes poderán percorrer todos os postos sen unha orde concreta, tanto se queren ver todos os puntos coma se non, dedicar máis ou menos tempo a un ou outro.

MAXI-TOUCHPAD: Coma se fose unha pantalla táctil xigante, os participantes poderán pintar ou estampar a súa firma, mensaxe... nun mural que logo decorará durante as festas unha parede da parroquia.

POMBA VIRTUAL: Constará dun ordenador con conexión a internet cunha conta de correo creada especificamente, onde poderán escribir un *e-mail* de felicitación navideña e envialo ao enderezo desexado.

PHOTOCALL: Un espazo ben iluminado e cunha parede de fondo onde cos accesorios fabricados polos nenos do Grupo Scout *Tesela* faranse fotos divertidas e orixinais para facer postais personalizadas ou para envialas a través de internet.

VIDEOCALL: Para o video posterior aquí recompílanse vídeos persoais, individuais ou grupais onde a xente poida transmitir a súa mensaxe navideña dun xeito divertido e diferente.

CHOCOLATE@CHURROS.COM: Unha mesa onde conseguir un chocolate quente con churros e outros doces e compartir un momento de distensión e charla.

CONFESIONARIO DE ORIENTE: Un programa de webcam cunhas instrucións de uso claras e sinxelas onde poder gravar un video íntimo e persoal coa carta aos Reis Meigos (para que se poidan enviar aos pais correspondentes) ou os teus desexos para estes Nadal.

REPORTEIRO EN LIÑA: Cunha cámara e un micrófono irá gravando, entrevistando á xente e animando o ambiente en xeral.

CLAUSURA E LIPDUB: O encontro finalizará cun pequeno acto na igrexa, onde se verá un pequeno vídeo onde participan distintos grupos da parroquia desexando feliz Nadal a todos os asistentes. Haberá unha sinxela coreografía facendo o reporteiro *on-line* gravacións previas que fagan o efecto dun gran *lipdub*.

Esta actividade diríxese a todas as familias da parroquia.

Campaña de Nadal na parroquia A Milagrosa

As actividades máis reseñables desta campaña son:

- Cea Benéfica que terá lugar o vindeiro venres, día 11 de decembro ás 20:30 horas no salón parroquial. Antes celebraremos a Santa Misa ás 19:30 horas. O donativo que se pide son 10 euros, ademais aprovéitase esta ocasión para invitar a persoas que atravesan momentos complicados e difíciles, a participar desta comunidade.
- Entrega extraordinaria de alimentos en Nadal. Repártese unha bolsa de alimentos o día 23 de decembro para a celebración do Nadal, que se suma á entrega de alimentos que se fai todos os xoves do ano.
- Entrega de xoguetes o día 5 de xaneiro pola mañá. Recóllense na parroquia a partir do 23 de decembro.
- Programa *Apadrina a unha familia*. Búscanse padriños e madriñas que se involucren en crear oportunidades e apoiar familias necesitadas -tanto económica como socialmente- cun compromiso de axuda material e de acompañamento durante un periodo de tempo.

Galardón a Xesús Mato

O venres 11 de decembro ás 20:30 h no Gran Hotel a fundación Anade entregará os premios correspondentes a este ano 2015.

O obxectivo da Fundación Anade é a integración social e laboral das persoas con discapacidade para mellorar a súa calidade de vida ofrecendo unha serie de actividades e proxectos que melloren as súas habilidades sociais e a súa autoestima. Trátase de facerlles participes do seu lugar dentro do mundo da cultura, o lecer e, en definitiva, que participen dos recursos da sociedade como cidadáns en pleno dereito.

Encontro de Nadal do profesorado de relixión

O 12 de decembro no Gran Hotel Lugo terá lugar o Encontro de Nadal do profesorado de relixión da Diocese de Lugo.

O programa é o seguinte:

- 10,30 h. Oración
- 11 h. Francisco J. Castro Miramontes: “Vivir a esperanza en tempos de crise”
- 12 h. Descanso-Café
- 12,30 h. Reflexión. 2ª parte
- 13,30 h. Informacións varias
- 14h. Xantar de Irmandade. Homenaxe ós compañeiros/as xubilados



Eucaristía das familias do colexio María Auxiliadora

Durante este curso o Colexio María Auxiliadora de Lugo programa na parroquia de San Francisco Xavier unha Eucaristía ao trimestre dedicada ás familias do colexio. A idea é sentirse aínda máis comunidade. A primeira das Eucaristías será o domingo 13 de decembro, ás 12.30h na igrexa de San Francisco Xavier. Neste caso tamén é unha invitación a percorrer xuntos unha etapa do camiño preparatorio para a vinda de Xesús no Nadal.

O día 10 de decembro organízase unha chocolatada solidaria, no marco da celebración dos 25 anos de presenza salesiana en Lugo.

Festa da Sagrada Familia en Dumpín e Teixeiro





Concertos solidarios

- 12 de decembro, igrexa de S. Froilán, 20,30 h. Coral Ecos do Miño Astelu (Misa) e Orfeón Xoán Montes (Concerto)
- 13 de decembro, igrexa de S. Lourenzo de Albeiros 12,45 h. Coral Cantar Delas (Misa) e Conxunto Vocal Lugh, (Concerto)
- 19 de Decembro, igrexa de Santiago A Nova-Fontiñas, 18,30 h. Schola Gregoriana Lucensis, (Misa) e Coro de S. Antonio (Concerto)

Libros de interese

Libro de receitas internacionais que con axuda de cociñeiros profesionais sae á venda para recaudar fondos destinados á Fundación salesiana Juan Soñador.

Pode conseguirse o libro por 10€ na portería do Colexio Divina Pastora, praza da Milagrosa, Lugo.



O Pontificio Consello para a Promoción da Nova Evanxelización publica un libro que aborda o tema da misericordia desde diversos puntos de vista, para ofrecer instrumentos a todos os axentes de pastoral, tanto para a profundización persoal como para preparar encontros, catequese, e tamén para animar a oración comunitaria.

Os temas tratados son:

- Celebrar a Misericordia
- Os Salmos da Misericordia
- As Parábolas da Misericordia
- A Misericordia nos Padres da Igrexa
- Santos na Misericordia
- Os Papas e a Misericordia
- As obras de Misericordia
- A Confesión, Sacramento da Misericordia.

Lugo, 10 de decembro de 2015